

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL

##### Subvencións e axudas

##### *BASES REGULADORAS DA PRIMEIRA EDICIÓN DOS PREMIOS #MULLERES QUE OPINAN*

#### **Bases reguladoras da primeira edición dos Premios #Mulleres que Opinan**

Desde o ano 2018, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas, a Deputación de Pontevedra colabora co Concello de Pontevedra para a organización conxunta do encontro de mulleres columnistas que leva por título As Mulleres que Opinan Son Perigosas.

Ambas as entidades consideran de interese común promover a cooperación e a colaboración para o desenvolvemento de políticas activas destinadas a favorecer a creación e produción artística e intelectual de autoría feminina, como se establece no capítulo II, artigo 26, da Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Desde o punto de vista competencial, a igualdade como dereito recóllese nos artigos 9.2 e 14 da Constitución española, e tamén na Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia. Ambas as normas sinalan que os poderes públicos teñen a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas.

Na Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que se constitúe como o marco xurídico e legal da igualdade entre mulleres e homes a nivel do Estado español; na Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero; e no Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, recóllese que os poderes públicos, no marco das súas competencias, incorporarán medidas tendentes a acadar a igualdade efectiva e impulsarán campañas de información e sensibilización específicas co fin de previr a violencia de xénero.

Nesta liña, no artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia e, no artigo 118 d), a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.



Luns, 13 de marzo de 2023

Núm. 50

A Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra, atendendo a un dos seus principios reitores —a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes— son conscientes da necesidade de dotar de recursos que creen as condicións necesarias para reducir as fendas de xénero aínda existentes. Por iso, neste ano convocan a primeira edición dos Premios #Mulleres que Opinan co gallo de apoiar as mulleres que exercen a profesión xornalística e o xénero da opinión.

Estes premios teñen como obxectivo promocionar e promover o exercicio da opinión xornalística por parte das mulleres profesionais do xornalismo, animar e promover a escrita nas mulleres máis novas e fomentar o nacemento dunha nova canteira de mulleres opinadoras.

Ademais, outro dos obxectivos é dispoñer dunha crónica escrita da sexta edición do foro As Mulleres que Opinan son Perigosas (que terá lugar o 17 e o 18 de marzo de 2023 no Teatro Principal de Pontevedra) por parte de mulleres que asistan como público (presencial ou en liña). Por último, con este premio tamén se busca contribuír a consolidar a marca #mulleresqueopinan e que sexa referencia en todo o territorio estatal.

Segundo o exposto, establécense as bases reguladoras desta primeira edición dos Premios #Mulleres que Opinan, ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP); na ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra; e na demais normativa de aplicación, de acordo coas seguintes

## BASES

### Primeira. Obxecto

O obxecto destas bases é facer pública a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, da primeira convocatoria dos Premios #Mulleres que Opinan, co obxectivo de promover o exercicio da opinión xornalística por parte de mulleres profesionais do xornalismo, animar e promover a escrita nas mulleres máis novas e fomentar o nacemento dunha nova canteira de mulleres opinadoras.

A participación e a concesión dos premios efectuaranse en réxime de concorrencia competitiva, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, ademais dos de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e de eficiencia na asignación e uso dos recursos públicos.

### Segunda. Persoas beneficiarias

Na convocatoria poderá participar calquera muller maior de idade de todo o territorio estatal escribindo un artigo de opinión, en lingua galega ou castelá, cun texto relacionado coa sexta edición do encontro As Mulleres que Opinan son Perigosas, que terá lugar o 17 e o 18 de marzo de 2023 no Teatro Principal de Pontevedra.



Luns, 13 de marzo de 2023

Núm. 50

Para poder acceder a este programa deberán cumprir as condicións e os requisitos establecidos nestas bases e na normativa xeral de subvencións na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

Non poderán participar nestes premios as persoas integrantes do xurado.

Non poderán beneficiarse dos premios as persoas solicitantes que incumplan algún dos requisitos especificados nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS.

### **Terceira. Premios**

Os fondos destinados a estes premios irán con cargo á aplicación orzamentaria 23/250.2315.480.05 do Orzamento ordinario do organismo provincial, e o importe máximo ascende a dous mil (2.000) euros.

Haberá dous (2) premios con cadansúa dotación económica de mil (1.000) euros: un para o mellor artigo de opinión en galego e outro para o mellor artigo de opinión en castelán.

Ademais, os dous artigos gañadores publicaranse nos principais xornais da provincia de Pontevedra.

O xurado reservará o dereito a declarar deserto algún dos premios.

### **Cuarta. Requisitos dos artigos de opinión**

Admitiranse artigos de opinión sobre a propia experiencia como espectadora ou asistente (de maneira virtual ou presencial) e tamén sobre calquera tema que se trate no congreso, tanto nos relatorios coma nas roldas de preguntas. O único requirimento é que co propio texto quede acreditada a asistencia ao foro e inspirarse neste para escribir opinión.

Presentarase un artigo con titular e corpo cunha extensión máxima de 3.000 caracteres (sen contar os espazos).

Poden presentarse artigos inéditos ou de xornalistas que cubran as xornadas do foro e publiquen os seus textos nos medios nos que traballan.

As persoas participantes garantirán que os artigos presentados son orixinais e non infrinxen dereitos de terceiras persoas, e serán responsables das infraccións que puidesen causar neste sentido.

### **Quinta. Presentación de solicitudes**

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica, a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra en <https://sede.depo.gal>.



Luns, 13 de marzo de 2023

Núm. 50

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Opcionalmente, as solicitudes poderán presentarse presencialmente en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común utilizando o formulario normalizado dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

### **Sexta. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes será do 20 de marzo de 2023 ata o 10 de abril de 2023.

### **Sétima. Comprobación de datos**

Para tramitar este procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF das persoas solicitantes
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT)
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Facenda autonómica da Xunta de Galicia (ATRIGA)
- Certificado de estar ao corrente do pagamento da Seguridade Social
- Certificado de estar ao corrente do pagamento da Deputación de Pontevedra

Se as persoas interesadas se opuxesen a esta consulta, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar o documento correspondente.

Excepcionalmente, cando algunha circunstancia imposibilitase obter estes datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

### **Oitava. Entrega de traballos**

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude un artigo con titular e corpo cunha extensión máxima de 3.000 caracteres (sen contar os espazos), relacionado coa sexta edición do encontro As Mulleres que Opinan son Perigosas, que terá lugar o 17 e o 18 de marzo de 2023 no Teatro Principal de Pontevedra.

### **Novena. Notificacións**

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos, e só por esta vía para as persoas ou colectivos obrigados a recibilos por estes medios. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicarse por medios electrónicos.



Luns, 13 de marzo de 2023

Núm. 50

As notificacións realizaranse a través do Servizo de Notificacións Electrónicas, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo que conste na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada, e a súa falta non impedirá que esta se considere plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se acceda ao seu contido. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

### **Décima. Trámites administrativos posteriores á presentación das solicitudes e emenda destas**

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos, a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude” dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica ou presencialmente, segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en:

*<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxeneticos>*

### **Décimo primeira. Instrución do procedemento e xurado**

A instrución do procedemento corresponderalle á xefa do Servizo de Igualdade.

A concesión aprobaraa o órgano competente, previa fiscalización da Intervención.

Os artigos gañadores serán seleccionados por un xurado nomeado para estes efectos por resolución presidencial, que estará composto por:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: Y1427TBLCTYBS1Z9



Luns, 13 de marzo de 2023

Núm. 50

- Presidenta: a xefa do Servizo de Igualdade ou a persoa en quen delegue
- Secretaria: unha técnica do Servizo de Igualdade, que actuará sen voto
- Vogais:
  - A directora do Centro de Información á Muller do Concello de Pontevedra
  - Diana López Varela, xornalista organizadora do foro As Mulleres que Opinan son Perigosas
  - Susana Pedreira, xornalista organizadora do foro As Mulleres que Opinan son Perigosas
  - Unha persoa do Gabinete de Prensa da Deputación de Pontevedra
  - Unha persoa do Gabinete de Prensa do Concello de Pontevedra
  - Tres xornalistas participantes en edicións anteriores que coñezan ben o espírito do foro e o traballo realizado desde 2018

O xurado analizará os traballos presentados e valoraraos segundo os seguintes criterios:

- Calidade do traballo presentado (de 0 a 30 puntos)
- Artigo con perspectiva de xénero (de 0 a 20 puntos)
- Defensa dun xornalismo feminista (de 0 a 20 puntos)
- Mención ao foro de mulleres xornalistas no corpo de texto (de 0 a 15 puntos)
- Uso dunha linguaxe inclusiva (de 0 a 15 puntos)

O xurado poderá contar coa presenza e coa asistencia de persoas expertas.

As persoas integrantes do xurado percibirán as indemnizacións correspondentes por gastos de asistencia ás reunións nas que se redacte acta, nas mesmas condicións que os cargos electos, cos importes establecidos na base 52.<sup>a</sup>.2.b) do Orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra do ano 2023. Estes gastos imputaranse á aplicación orzamentaria 23/250.2315.226.99.

A concesión do premio non implica a perda da propiedade intelectual nin industrial. Non obstante, a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra poderán publicar os traballos premiados, dos que sempre farán constar a autoría.

### **Décimo segunda. Resolución do procedemento**

O ditame do xurado será inapelable e o premio poderá quedar deserto se os artigos non reunisen a calidade suficiente.

A resolución derivada da decisión do xurado farase pública no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP. Así mesmo, tamén se publicará en [www.depo.gal](http://www.depo.gal). Ambas as publicacións expresarán o réxime de recursos correspondente.

Os premios entregaranse nun acto institucional organizado pola Deputación de Pontevedra e polo Concello de Pontevedra.



**Décimo terceira. Pagamento**

O premio aboarase unha vez que se publique a resolución definitiva. Así mesmo, de acordo co establecido no artigo 101 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do imposto da renda das persoas físicas, a retención que se lles practicará ás premiadas que sexan persoas físicas será do 15 % do importe.

O premio pagarase mediante transferencia á conta bancaria indicada pola premiada da que sexa titular a persoa beneficiaria.

**Décimo cuarta. Protección de datos**

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

**Décimo quinta. Autorización para a difusión de imaxes**

No formulario de solicitude as persoas solicitantes poderán autorizar ou denegar expresamente a toma de imaxes na entrega dos premios, as cales poderán ser publicadas pola Deputación de Pontevedra e polo Concello de Pontevedra.

A participación na convocatoria implica a aceptación destas bases.

**Décimo sexta. Publicidade**

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, o texto da convocatoria remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.



Luns, 13 de marzo de 2023

Núm. 50

### **Décimo sétima. Dereito supletorio**

Para o non disposto nestas bases seguirase o establecido na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación; nas Bases de execución do Orzamento provincial para o exercicio 2023; na LXS; na LPACAP; e na demais lexislación aplicable.

